

**CIENCIAS SOCIAIS - PRIMEIRO**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. CSC // CAA
B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	CSB2.3.1.Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima. CMCCT // CSC // CCL
B3.3.Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	CSB3.3.1.Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. CSC
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.5.1.Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas. CCL // CMCCT
B3.6.Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	CSB3.6.1.Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características. CMCCT // CAA
B4.3.Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.	CSB4.3.1.Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características. CMCCT // CCL
B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.	CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan. CMCCT // CAA

CIENCIAS SOCIAIS - SEGUNDO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área. CCL // CMCCT // CSC
B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	CSB2.1.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. CMCCT // CD // CCL CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. CSC
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. CSB2.5.3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural. CMCCT // CCL // CSC
B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. CSC // CCL
B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	CSB3.4.1. Avisa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. CSC
B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. CSC // CAA
B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. CSC // CCL // CAA

**CIENCIAS SOCIAIS - TERCEIRO**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. CCL // CMCCT // CSC
B2.1. Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC. CMCCT // CD
B2.4. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. CMCCT // CCL
B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.	CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións. CMCCT // CCL
B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga. CMCCT // CAA
B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	CSB2.13.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma. CMCCT // CCL
B3.1. Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1. Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima. CSC // CCL
B3.4. Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.	CSB3.4.1. Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna. CMCCT // CCL

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA - CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

### 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA TERCEIRA AVALIACIÓN

#### 2.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

Valorarase a entrega das diferentes tarefas, a calidade das mesmas, poñendo especial interese na expresión escrita e na comprensión dos contidos. Tamén se valorará o progreso do alumnado.

#### 2.2. CUALIFICACIÓN FINAL

A **avaliación final** das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, **realizarase** sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

Os **resultados da 3ª avaliación** sempre sumarán. O máximo que poderán sumar será de 2 puntos sobre as outras dúas avaliacións.

1 punto: entrega das tarefas.

0,5 puntos: calidade das tarefas entregadas (expresión escrita).

0,5 puntos: comprensión e aplicación dos contidos.

#### 2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Non hai alumnado que precise realizar a proba extraordinaria de setembro.

#### 2.4. AVALIACIÓN DE MATERIA PENDENTE

Non hai alumnado con ningunha materia pendente.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE**

#### **3.1. ACTIVIDADES**

Neste terceiro trimestre, debido ás circunstancias, as actividades serán de repaso, reforzo e no seu caso, de ampliación.

#### **3.2. METODOLOXÍA**

As actividades fixéronse chegar por diferentes medios (teléfono, correo electrónico,...) para que todo o alumnado poidese recibilas.

#### **3.3. MATERIAIS E RECURSOS**

Libro de texto, fichas, caderno do alumnado, videos on line,...

### **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

#### **4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS**

Teléfono, e-mail, web colexio,....

#### **4.2. PUBLICIDADE**

Páxina web do centro.